



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

M^a DOLORES FRANCO MATEO, SECRETARIA DO CONCELLO DE RIBADUMIA
(PONTEVEDRA)

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión de UN DE AGOSTO DE DOUS MIL DEZASEIS, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

5º.- ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA "MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A EXPLOTACIÓNS AGRARIAS" INCLUIDA NO PLAN MARCO.-

Visto o expediente de contratación tramitado para a contratación da obra de "Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias", polo procedemento de contrato menor.

Vistos os informes emitidos por Secretaría-Intervención e polo técnico, e que constan no expediente.


Visto que solicitáronse ofertas e que no prazo concedido na invitación cursada foron presentadas ofertas por NAROM S.L.; Contruccións, Obras e Viais S.A. (COVSA) e TABOADA E RAMOS S.L.

Examinada a documentación e tendo en conta o informe técnico emitido sobre a valoración das devanditas ofertas,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

1º.- Levar a cabo a obra de "Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias", co contratista COVSA, por un importe de 47.933,99 euros, máis 10.066,14 euros en concepto de IVE, o que representa un importe total de 58.000,13 euros, concedendo un prazo de execución dun mes, e en todo caso, debendo estar rematada a obra antes do 15 de setembro de 2016.

2º.- Aprobar o gasto con cargo á partida correspondente do vixente orzamento.



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

3º.- Unha vez realizada a obra, incorporárase a factura e tramitárase o pago se procede.

4º.- Notificar o presente acordo ó adxudicatario no prazo de dez días ós efectos oportunos.

E para que conste, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente, en Ribadumia a un de agosto de dous mil dezaseis.-

Vº e prace
O Alcalde,

Asdo: David J. Castro Mougán

